

El buzón del *Arco da Veya* taba cheo de colaboración dos nenos y nenas que tein clase da nosa falan nas escolas públicas "Príncipe d'Asturias" de Tapia y "Ramón de Campoamor" de Navia. Hai peticións pra este ano novo qu'empieza, poesías, contos, dibuxos...


Estas son dalgúas das cousas que nos mandaron. As outras nun las esqueicémos: é que tã agardando pra outra vez porque d'esta volta nun coyían todas.



DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA Y DA PAZ

El día 30 de xeneiro celébrase dende hai anos el D.E.N.U.P. (Día escolar da non violencia y da paz). Algús dos nenos de 5º da escola de Tapia quixeron deixar testimonio del que representa pra eles contestando á pregunta: ¿Qué é a paz pra ti?


- Que nun haxa racismo, nin guerras, nin nenos que pasen fame (Alejandro).
- A paz é compartir (Jorge).
- Que todos síamos iguais (Pelayo)
- Que todos díamos algo da nosa paga pra os probés (Alba).
- Libertá d'espresión pra todos (Silvia).
- Vacunas pra os nenos del Terceiro Mundo (Paula).
- Que desapareza a violencia doméstica (Aroa).
- A paz empieza col diálogo (Borja).



Empeza la carreira


- Naide corre, naide chega.
- Ún corre, pero espétase.
- Naide corre, naide chega.
- La xente vei enfadándose.
- Naide corre, naide chega.
- Chega un burro con lleña encima.
- Naide corre, naide chega.
- Salen dous y outro espera.
- Naide corre, naide chega.
- Esta carreira é un fracaso.
- Naide corre, naide chega.
- Condo el público se vei chegan todos a la meta.
- Todos corren, todos chegan.

Los nenos de 5º de la escola pública "Ramón de Campoamor" de Navia: Liborio, Daniel, Adriana, Sara, Laura, Giovanna, Carmen, Laura, Diego, Aitor, Jesús, Diego y Miguel.



BUS DESEOS PRAAL 2000

Us días antias d'acabar el ano 1999, na clase de galego-asturiano de 6º de Tapia, plantéouse esta cuestión: Se podésedes pidiryes a os Reis un deseo praal ano 2000 que beneficia-se a toda a humanidade, ¿qué escoyeríades? Y os resultaos foron estos:



- Que nun houbera nin probes nin ricos.
- Que desapareceran el SIDA y el cáncer.
- Que nun houbera máis guerras.
- Que nun se perderan as tradicións.
- Que nun houbera animais en peligro d'estinción.
- Que nun houbera mortes inxustas.
- Que desaparecera a contaminación.
- Qu'el efecto 2000 nun faga nada malo.
- Que s'acabaran as inmigracións ilegales.
- Que todos tuveran casa y familia.

- Que todo el mundo tuvera pra comer.
- Que desaparecera el "corredor da morte".
- Que nun houbera racismo.
- Que todos fóramos iguais.
- Que reinase a Paz.
- Que nun houbera máis terrorismo.



A maestra tamén puxo el sou deseo. ¿Cumprirásese?

- Que todos os nenos, en todas as clases das terras d'Entrambasaguas, podesen ir á clase de galego-asturiano.

OS TRES NENOS QUE BUSCABAN EMOCIÓIS FORTES

Éra úa vez tres nenos que tían ganas d'ir a por emocións fortes. Chamábanse Fran, Marcos y José. Había úa casa abandonada na que dicían qu'había úa pantasma y un neno inda nun salira y foron a por él. Elos taban preparándose pra entrar, entraron y empezaron a ouguir voces que dicían que se fosen, pero que se querían salvar al neno tían que pasar úas probas.

Pasaron as dúas primeiras pero a última era a máis difícil. Marcos tuvo que combatir el sou pior medo, qu'era nun ter amigos. Fran tamén tuvo que combatir al sou pior medo, qu'era nun ter consolas nin ordenador. José tamén tuvo que combatir el sou pior medo, qu'era nun salir os venres. Todos venceron. Salvaron al neno y sacáronlo y tomáronlos como mui valentes.